

Onte 2017: Gala do libro galego 2019

12 DE MAIO DE 2019



Onte na [Gala do Libro Galego](#)

[<https://axendacultural.aelg.gal/2019/03/15/gala-do->

[libro-galego-2019-obras-finalistas/](https://bretemas.gal/wp-content/uploads/2019/05/Gala_do_libro_galego_2019_10-05-2019_07.jpg) recibín por estas *Bretemas* o premio ao Proxecto literario na rede. Recoñeciase así a traxectoria de escritura do blog nacido o 3 de xaneiro de 2005 coa intención de ensaiar a escritura hipertextual e facer crónica do meu traballo de edición. Un premio que agradecín o mellor que souben ao xurado e ás tres entidades do sector do libro convocantes (AEL, AGE e FLG) polo aliciente que esta altura supón apostar polos blogs como portos seguros e continuar así co ritmo desta escritura hipertextual, cando se impuxo a banalidade e cotilleo nalgunhas redes sociais como Facebook. Un premio que confeso recollín tamén con moito pudor, sobre todo pola decepción que podía supoñer para as outras candidaturas finalistas (*Biosbardia*, *Galicia Encantada*, *Kalandraka TV* e *ogalego.eu*), ás que admiro e considero merecedoras tamén do recoñecemento, como polo feito de que sei que todos os éxitos son sempre froito dun esforzo colectivo e os fracasos, as perdas ou os erros responsabilidade de quen os comete.



[https://bretemas.gal/wp-content/uploads/2019/05/Gala_do_libro_galego_2019_10-05-2019_07.jpg]

Esa é a razón pola que quixen lembrar nas miñas palabras de gratitude ás iniciativas pioneiras dos blogs en Galicia, aquelas nadas entre os anos 2003 e 2004, anteriores ao fenómeno bautizado como blogomillo. Co risco de esquecer algunha, polo que expreso desculpas, citei, en primeiro lugar, a Pedro

Silva Goretoso, creador *De mares, portos e portas*, o primeiro blog da plataforma Blogaliza que desenvolveu con tanta xenerosidade, para despois facelo co *Capítulo 0* de Manuel Gago, *Días estranhos* de Martín Pawley (Óscar Sánchez), *Todo Nada* de María Yáñez, *Cabrafanada* de Fran Alonso, e rematar con *As túas balas*, o blog de Cesare (Xabier Cid), que coñecín no transcurso dunhas xornadas de literatura galega na Universidade de Cáceres en novembro de 2004, que me levaron a ensaiar pouco despois a escritura blog.



[https://bretemas.gal/wp-content/uploads/2019/05/Xabier-Docampo_Gala_libro_2018.jpg]

Rematei a miña intervención lembrando a afouteza do mestre Xabier P. DoCampo que na pasada edición da Gala do Libro Galego, na que foi a súa derradeira intervención [<https://praza.gal/cultura/8-videos-para-lembrar-a-xabier-p-docampo>], tras recoller o premio ao mellor libro de narrativa por *A nena do abrigo de astracán*, reclamou con todo a enerxía que xa lle faltaba a dignidade que merece o sector editorial en lingua galega. Unha petición que fixen miña 365 días despois para expresar logo o meu desexo de poder anunciar algún día en Brétemas que por fin Alberto Núñez Feijoo, presidente da Xunta de Galicia, recibira no seu despacho ás presidencias das entidades convocantes desta gala, como unha mostra de afecto e recoñecemento do sector do libro, o que non fixo ao longa da década do seu goberno, a pesar das solicitudes dos sectores profesionais do libro e da

tradición trazada por todas as presidencias anteriores.



[https://bretemas.gal/wp-content/uploads/2019/05/Gala_do_libro_galego_2019_11.jpg]

A gala conducida co bo tino pola nosa admirada [Iria Pinheiro](http://aaag.gal/catalogo/iria-pinheiro?locale=gl_ES) [http://aaag.gal/catalogo/iria-pinheiro?locale=gl_ES], e acompañada musicalmente polo ritmo feminista de [Habelas Hainas](https://www.facebook.com/habelas.hainas.96) [<https://www.facebook.com/habelas.hainas.96>], amosou a situación de certo conformismo do sector ao tempo que a maior diversidade dos axentes editoriais. Polo que a min me tocou máis de preto aludáronme os dous premios recibidos por obras publicadas por Xerais, *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte* de Emilio Xosé Insua e Xurxo Martínez na categoría de Ensaio e Investigación e *O puño e a letra* de Yolanda Castaño no de Libro de banda deseñada. Como tamén moito celebrei o que recibiu a revista *Luzes* pola súa traxectoria de Xornalismo cultural. As intervencións de dúas responsables do proxecto Luzes, Valeria Pereira e Ana Luisa Bouzas, reclamando o cumprimento do estatuto de da CRTVG e [apoiando ao colectivo Defende a Galega](https://twitter.com/DefendeAGalega/status/11275094173798)

[<https://twitter.com/DefendeAGalega/status/11275094173798>] foron os mellores minutos da velada. Como tamén me emocionaron as palabras do meu mestre Antón Costa Rico, o director da Biblioteca de Pedagogía de Kalandraka editora, premiada como a mellor Iniciativa bibliográfica, con quen regresamos a Vigo

satisfeitos e compartindo as experiencias dun tempo renovado de escola.

Xaora, pareceume unha oportunidade perdida para a xenerosidade a intervención de José Manuel Pinal Rodríguez [https://transparencia.xunta.gal/altos-cargos-da-administracion-autonomica-listado?content=/Portal-Transparencia/Unidades_informacion_transparencia/interior/cargos/transparencia_0096.html], director xeral de centros e recursos humanos da Consellaría de Educación que recolleu en solitario o premio á traxectoria de Iniciativa cultural e fomento da lectura outorgado con todo merecemento á Asesoría de Bibliotecas Escolares [<https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>]. Botamos en falta no seu discurso algunha referencia ás profesionais, que veñen traballando na asesoría dende 2003, como tamén aos milleiros de profesoras, mestras, alumnos e alumnas protagonistas desta experiencia excepcional de innovación que se desenvolve xa en máis de 655 centros públicos e 22 concertados do ensino universitario do país.

Rematada cerimonia, gustei do rebumbio que o ditame suscitou en Twitter, a rede na que máis participo, sobre todo pola magnífica e aguda crónica que foi facendo Jaureguizar [<https://twitter.com/Jaureguizar/status/112728695051429888>], a quen lembrei que comezou o seu *Facendo amigos* o mesmo día que o facía Brétemas, como polos chíos de amizades moi entusiastas [<https://twitter.com/pedrofejoo/status/112733086956223283>]. En todo caso, beizón para todas aquelas persoas que nestas horas me fixeron chegar os seus parabéns e afectos polas diversas canles do caso. Brétemas intentará continuar con azos renovados despois de tan excelente e agarimoso serán.